

ÓRREA (Agolada)


Igrexa de Santo André de Órrea

CADERNO Nº7 (FVAr, 261-2)

San Andrés de Órrea.



Porta pr[incip]al. Las basas exteriores al nivel de la parede, en el dib[uj]o ap[arecen] mal.

(Tres plantas da igrexa con medidas).




En el (...) enterrado el retablo inferior.

Exterior. Iguales contrafuertes y muro liso.



(Debuxo de basa).

Interior. Corpo: Unha nave. Unha col. a cada lado no corpo da eirexa, sin capitel. Teito de madeira. Unha porta ó norte. (sin columnas ó exterior). Dúas ventás lisas por fora e dentro a cada lado. Ousia con dúas columnas. Arco trunfal cun soio dobrado. Capiteles non historiados de tipo rudo compostelán. Nacela sinxela. Banco. Basas con decoración de [arquiños] (boceto de decoración).



Ó lado do evanxeo unha lacena e na ep[ístola] unha ventá nova que non se marca. Medio cañón na ousia e cascarón ó fondo c'unha soia ventá.

Puerta de dobre archivola con capiteles sin historiar. Dous ordes: palmetas e adormideiras. A archivolta superior con (en branco) (*boceto de decoración*) e a inferior con toro.




Espadaña moderna.


Non hay inscrición.

Toda a eirexa ten o redor catro retablos. Tómanse as medidas po-lo corpo, sin eles, para engadir logo, a 0'10 cada un. Están enterrados dous po-la banda S.

A porta lateral ten tamén dúas arq[ivoltas] do mesmo xeito e tamén moeletas sin decorar. Na moldura sainte (*boceto de arquiños*).




A ousia con parte reita e curva dividida en tres tramos, esta derradeira, con soio unha ventá.



Ten canicelos xeométricos (*boceto*).

A nacela ten o (*boceto de figura romboidal*).

Todo ten moito de xeométrico, e nos canicelos nin siquera fauna. A ventán non ten decoración, nin arquivoltas, nin nada. E os capiteles da ouxía teñen (*boceto de capitel decorado*).



A antefixa foi substituída por un remate barroco.

O corpo da eirexa ten tamén canicelos xeométricos de rolos e placas. É chocante que a nacela ten trozos decorados con (*boceto de óvalos*) con (*boceto de ringleira de bolas*) ou (*boceto de dobre ringleira de bolas*), co resto liso. O crego dí que foi reformada.

Copa de Talavera.

